

# TÉCNICAS DE PITCHING

OU COMO VENDER UN PROXECTO EN 5 MINUTOS

22 de outubro  
de 10:00 a 14:00  
na Cidade da Cultura

Seminario impartido por **Paco Rodríguez**

Dirixido a creadores (directores e guionistas)

## OBXECTIVOS

O obxectivo do seminario é adquirir conciencia da realidade profesional e proporcionar ferramentas para lograr lanzar os teus proxectos dun xeito coherente e eficaz.

Aprende a preparar dunha forma efectiva unha presentación pública de calquera tipo de produto nas diferentes situacións que poden darse ao longo da vida profesional.

## TEMARIO E CONTIDOS

O curso estruturarase en 3 partes:

### Parte 1:

Autocoñecemento dun mesmo e habilidades sociais.

As emocións influen nos procesos de negociación e condicionan a percepción da situación chegando a dificultar a comunicación e a trabala. É de suma importancia dominalas utilizando a intelixencia emocional e a PNL.

### Parte 2

A preparación: por que o fago? que quero facer? como o vou presentar? Cando? A quen? Onde? Para que? (Necesidade, obxectivos e proposta).

A estrutura e o seu diferentes formatos: Un Pitch durará máis ou menos dependendo das circunstancias e o contexto. Oscilando entre o breve "pitch do ascensor" que pode non superar os 90 segundos ata presentacións en foros especializados ou reunións "one to one" en mercados onde podemos dispoñer de 7 a 20 minutos para describir e vender o noso proxecto.

### Parte 3

Dedicamos o 70% do noso tempo á comunicación xa sexa como transmisor ou como receptor. Pensamos que as nosas palabras son o centro de toda comunicación cando isto non é incerto.

A expresión corporal leva máis da metade do peso de toda a comunicación. Saber manexala é fundamental tanto para un mellor control de nós mesmos no momento de expresarnos, como para analizar e entender mellor ao noso interlocutor.

# TÉCNICAS DE PITCHING

OU COMO VENDER UN PROXECTO EN 5 MINUTOS

22 de outubro  
de 10:00 a 14:00  
na Cidade da Cultura

## Paco Rodríguez

Iniciou a súa carreira a como tradutor simultáneo de español-francés en Andalucía. Viaxou posteriormente polo mundo como foto-xornalista para a axencia de comunicación Afa onde cubriu reportaxes nuns corenta países como Kenya, Taiwán e Colombia para publicacións internacionais.

Fundou en 1990, **PPM Multimedia** onde se adicou á distribución e coprodución internacional de series de animación (Koki, Capelito, Snailympics) con EE.UU., Xapón, Canadá e Francia.

Foi produtor executivo e director de **FILMAX ANIMATION** producindo longametraxes como "**El Cid la Leyenda**", "**Pinocho 3000**", "**Gisaku**", "**Nocturna**", "**Donkey.xote**" e "**Pérez, el ratoncito de los sueños**" cos que colleitou **4 Premios Goya** entre outros premios internacionais.

Presidiu a **Asociación de Productores Independientes de Animación**, e foi membro da xunta directiva de **FAPAE** y da **Federación Española de Productores de Animación**. Estivo dous anos como membro do Comité de avaliación (películas para televisión, series de animación) do **ICAA**. É membro da **Academia de las Artes y las Ciencias Cinematográficas de España**. Colabora como consultor para o **Instituto de Comercio Exterior Español (IcexNext)** e a **Cámara de Comercio de Madrid (PYMEX)**. É experto do programa **Media Creative** da UE.

Autor de "**Todo lo que hay que saber sobre contenidos audiovisuales**" e colaborador nas seguintes publicacións "**Distribución y marketing cinematográfico**", "**Guía para la producción y distribución de contenidos transmedia para múltiples plataformas**" y "**Ya no basta con filmar**".

Imparte clases en másters de diferentes Universidades e Escolas de Cine sobre coproducións internacionais, vendas internacionais, técnicas de pitching e comunicación transmedia/crossmedia.

**Entrada gratuita** previa confirmación no enderezo [formacion@galiciacrea.org](mailto:formacion@galiciacrea.org)

+ info en [crea.gal](http://crea.gal)



Programa de Formación  
para Profesionais da  
Industria Audiovisual Galega



Organiza

